

PEZA DO MES

xaneiro

2021



**POTE FUNDACIONAL
MONTE DO SEÑORIÑO. ARMEA**

Pote fundacional. Monte do Señoríño, Armea.

O xacemento galaico-romano do Monte do Señoríño está situado na parroquia de Santa Mariña de Augas Santas, concretamente no lugar de Armea, concello de Allariz, non moi lonxe da antiga vía romana, no seu camiño cara a Ourense. Xunto co castro da Cibdá de Armea, no alto do Monte das Casarellas, o Forno da Santa e a basílica inacabada da Asunción, forma un conxunto arqueolóxico-etnográfico, complexo e máxico, nomeado recentemente polo director das escavación Adolfo Fernández como *conxunto arqueolóxico-histórico de Armea*.

A riqueza e variedade dos materiais documentados pon de manifesto a relevancia deste enclave, que sen dúbida debeu xogar un importante papel nas vías de comunicación e comercio no cambio de Era. A presenza nos seus contextos máis antigos de materiais importados itálicos e sudgálicos, de sigillatas hispánicas, ánforas Haltern 70 e morteiros, producións lucenses e bracarenses e vidros importados, demostran un contacto directo e dinámico entre Armea e as zonas de abastecemento deste tipo de produtos.

Sen descartar a vía terrestre a través da meseta, o camiño natural por onde circularían todas estas mercadorías sería o ramal secundario que partindo da vía XVIII, a través de Ourense, conducía a Lugo. De ser así, sería *Bracara Augusta* a cidade provedora e distribuidora destes produtos importados por vía marítima, ao ser estes materiais tremendamente abundantes en contextos augústeos nesta cidade. A hipótese das fortes relacións comerciais con Braga cobran forza se observamos que durante o Alto Imperio continuaron chegando produtos saídos das olerías desta cidade. Gobeletes ou xerriñas de cinzenta fina e pezas como morteiros e cerámicas engobadas están moi presentes na Cibdá de Armea e tamén no campamento de *Aqvis Qverqvernīs*, situado ao pé da vía e a medio camiño entre Braga e Armea. Por último, o xacemento presenta unha serie de cerámicas da última fase da cultura castrexa moi semellantes ás da Fase II de Santomé, que documentan o bo facer dunha olería na que se conxugan os trazos seculares da tradición castrexa coas innovacións técnicas traídas pola conquista, e que preludian o proceso de recepción doutra cultura e de adaptación a ela, e que se poderían definir plenamente como galaico-romanas.

Se todos estes materiais son definidores da importancia do conxunto, moito máis revelador e singular é a peza que hoxe eliximos para a súa divulgación. Trátase dunha ola de cerámica común romana estudada e interpretada polo



FÍO DE OURO. FOTO DA MEMORIA DA INTERVENCIÓN ARQUEOLÓXICA DO XACEMENTO DO MONTE DO SEÑORÍÑO, 2012.

seu descubridor como «pote fundacional». A peza, exhumada durante a campaña do 2012, apareceu sobre un depósito de terra amarelenta, na nivelación da estancia, baixo o pavimento da esquina noroeste dun dos espazos do sector A, que xunto co sector F conformaban unha única realidade, como se puido comprobar unha vez rematados os traballos. Segundo o arqueólogo director das escavacións, a peza estaría colocada alí intencionadamente como posible contedor dun depósito fundacional.


Esta hipótese viuse corroborada pouco tempo despois, ao ser realizada unha minuciosa e coidadosa microescavación do potiño e da terra que contiña por parte da restauradora Marta Lago Cerviño, no laboratorio da Universidade de Vigo. No transcurso dela apareceu un arame de ouro e unha boliña depositados sobre a terra. Só baixo o binocular foi posible comprobar que se trataba dunha xoia de ourivería realizada nun fío de ouro do tamaño dun cabelo. Parece ser un pequeno enganche en forma de nó aberto cos extremos dobrados, nun labor delicadísima; posiblemente penduraría del unha boliña de ouro e formaría, xunto con outros elementos, un pendente semellante aos *brincos de nós de correr* portugueses. Ademais deste singular e inesperado achado, foron sacados á luz unha pequenísima bóla dun material aínda por determinar, tal vez pasta vítrea, e numerosas láminas resinosas, que aparecen espalladas por todo o xacemento.

As dimensións da ola son: 17 cm de altura; 18,7 cm de anchura máxima; 0,7 cm de grosor máximo;

8,5 cm de diámetro de boca e 8,5 cm de diámetro da base. O estado de conservación é moi bo, faltándolle só a metade do seu beizo. Está realizada a torno nunha pasta moi micácea de cor ocre claro. É de corpo globular, colo pouco marcado e curto, base plana, irregular e pouco definida. Ao exterior presenta un acabado de finas estrías ao tacto, dispostas de maneira irregular por toda a superficie da peza. A súa comparación con vasillas documentadas recentemente na necrópole de Braga, que funcionaban como urnas cinerarias, non deixa moitas dúbidas de que a nosa vasilla é orixinaria dos centros produtores da zona bracarense, aínda activos durante as primeiras décadas de presenza romana. Este tipo de olas proveñen de sepulturas da Fase III da necrópole, fechada entre o cambio de Era e o reinado de Tiberio, polo que a peza do Señoríño debe ser coetánea da dita fase.

Neste contexto a aparición desta peza dótaa dun simbolismo que a pon en relación co mundo das crenzas relixiosas, co desexo de pasar a posteridade, e co anhelo de que outros saiban de nós. E ao parecer, conseguírono: despois de 2.000 anos estamos a reflexionar sobre a súa función e simbolismo. O seu descubridor cre que se trata dun depósito relacionado cunha ofrenda de fundación do poboado. A pesar das incertezas entre as que nos movemos na análise da práctica ritual descrita, polo menos podemos fixar un punto de partida minimamente sólido para a discusión do seu significado. Con todo, este tipo de ofrenda débese enmarcar dentro dos cultos privados, desenvolto dentro do ámbito doméstico e en espazos privados, alleos a oficialidade tanto política como relixiosa. Teñen un carácter propio, diferente a outros ritos coñecidos.

O problema é que non sabemos definir con certeza o que é un «depósito fundacional». Salvo pola súa posición e enxoval, a peza nada di. Por outra parte, os depósitos fundacionais, *stricto sensu*, son típicos de sociedades estatais moi desenvoltoas, como as do próximo Oriente e Exipto. Sabemos con total seguridade que son depósitos fundacionais os acubillos que aparecen nos alicerces dos templos mesopotámicos por exemplo, onde temos inscricións nas que se fai referencia á dedicación e á construción da obra. Pero nada ten que ver coa nosa circunstancia. E nada ten que ver tampouco coas ofrendas regradas e os ritos institucionais dos depósitos fundacionais das cidades romanas. Documéntanse depósitos rituais debaixo de casas e outros edificios en multitude de períodos e culturas, pero a maior parte das veces é difícil saber se realmente son rituais relacionados coa construción ou doutro tipo de actividade relixiosa. En Galicia, Alfredo Ruibal propón como depósito fundacional a morea de fíbulas e outros bronces que apareceron



BÓLA DE PASTA VÍTREA. FOTO DA MEMORIA DA INTERVENCIÓN ARQUEOLÓXICA DO XACEMENTO DO SEÑORIÑO, 2012.

baixo unha cabana en Baroña. As veces aparecen obxectos arcaicos en contextos da última fase da cultura castrexa que poderían relacionarse con fenómenos parecidos, como por exemplo o pequeno machado de cubo achado en Laias, o puñal de antenas de San Cibrao de Las ou algunha punta de lanza depositada nos alicerces das murallas, pero poucas veces podemos afirmar con total certeza a súa verdadeira función e significado. Con todo, os posibles depósitos fundacionais habería que enmarcalos dentro deste período, relacionados cun incremento das tensións sociais, da progresiva xerarquización e crecemento das desigualdades e cos conflitos tanto internos como cos romanos, nos últimos momentos da cultura castrexa.

En todo caso, polo momento, non é un fenómeno habitual no mundo dos castros. Todo son meras conxecturas. O que si sabemos dende o punto de vista antropolóxico, é que os depósitos fundacionais buscan a protección e a tutela das divindades para a casa onde se vai vivir. E que cando os obxectos que se enterran son arcaicos, cabe pensar, que o que se espera e desexa e que a memoria dos devanceiros sirva de protección para o novo fogar.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o Pazo do Bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao Barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 788 417

O horario de visita:

martes a sábado: 9.00 a 21.00 h ininterrompido

domingo: 9.00 a 15.00 h

pechado luns e festivos oficiais

Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.00 ás 14.00 h e das 16.30 ás 20.00 h

www.musarqourense.xunta.es

mapour@xunta.es

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense


TEXTO: Ana María Veiga Romero


FOTOGRAFÍA: Fernando del Río

MAQUETA: Araceli Gallego

ISSN: 1579-9956

Museo Arqueolóxico 

 Xacobeo 2021

 galicia

 XUNTA DE GALICIA